

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023338	IES Praia Barraña	Boiro	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

O IES “Praia Barraña” é un dos tres centros de ensino secundario existentes en Boiro (A Coruña), localidade pertencente ao concello do mesmo nome situado nas Rías Baixas galegas, na denominada Comarca do Barbanza.

Trátase dun concello costeiro, duns vinte mil habitantes(18.976 hab. segundo o censo de 2022) aproximadamente, estreitamente vencellado ás actividades marítimas, que constitúen o núcleo principal da súa economía. A pesca, o marisqueo e a industria conserveira son as actividades laborais máis destacadas que ocupan aos seus habitantes, aínda que comeza a gañar peso na súa economía o sector servizos, todo elo debido ás grandes posibilidades turísticas dunha zona que se encontra en constante expansión.

Con todo isto, o nivel socioeconómico da poboación residente neste concello pódese considerar como medio-alto,(924 personas en paro en abril de 2021 (un -19,93% respecto ao mes o ano anterior) grazas sen dúbida a que a vila se encontra nunha das zonas de maior dinamismo tanto económico coma demográfico da Comunidade Galega.

No curso actual, 2024-2025, o IES ten unha matrícula de 401 estudantes distribuídos en 165 na ESO e 233 en Bacharelato que se distribuirán en 18 grupos: dúas liñas en 1º, 2º e 3º de ESO e 4º de ESO. A isto sumamos a Unidade de Educaión especial con 5 estudantes e o Programa de diversificación curricular en 4º de ESO cunha ratio de 8 estudantes,

En 1º e 2º de Bacharelato contamos, de forma con catro liñas que agrupan as tres modalidades formativas.

Neste curso 2024/2025 a materia será impartida pola profesora María Duro Santos.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego.

Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados. Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 1º de ESO está articulada arredor de 5 unidades didácticas cuxos títulos están relacionados cos contidos que nelas se desenvolven. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Convén sinalar que en cada unidade se abordarán varias situacións de aprendizaxe para traballar contidos relacionados cos catro bloques (comunicación, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria). Á hora de nos achegar a calquera temática, será esta, a da produción de textos orais e escritos, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Do mesmo xeito estas situacións de aprendizaxe en varios dos casos xa nos darán pé para tratar os diferentes contidos transversais. Nesta programación inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada no presente curso ás cantareiras e á poesía popular oral, e que nos ofrece a posibilidade de traballar a literatura, a música e a cultura galega dende o orgullo e a súa dignificación.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles

aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
 - A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
 - A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
 - A non repetición de temas.
 - A dispoñibilidade de títulos de préstamo suficientes para todo o alumnado na nosa Biblioteca escolar.
 - E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.
- Está previsto que neste curso académico, as lecturas obrigatorias para 1º ESO serán:
- 1º trimestre: A biblioteca de pedrarcana, Carlos Taboada.
 - 2º trimestre: O misterio de Portomarín, Antía Yáñez.
 - 3º trimestre: Dormente, Raquel Castro.

Traballaremos ao longo de todo o curso dos poemas extraídos do libro "Nunca mascotas", de Paula Carballeira. Esta selección de obras está suxeita a cambios debido a imprevistos que se poidan producir ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os piares da lingua	<p>Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía, e na morfosintaxe, incidindo nas construcións propiamente galegas coa fin de que o alumno poida producir textos orais e escritos coa maior corrección posible. Traballaranse as categorías gramaticais, a formación de palabras, as funcións sintácticas de maneira pormenorizada para asentar unha base sólida que sirva de alicerce na produción de textos orais e escritos de diferente natureza. Incentivarase o uso de dicionarios e gramáticas (en formato físico ou electrónico) para a resolución de dúbidas e a progresiva mellora na expresión oral e escrita.</p>	30	31	X	X	X
2	Unha lingua para crear	<p>Profundizaremos na literatura (popular e culta) e nos distintos xéneros literarios (cos seus correspondentes subxéneros) atendendo ás súas características principais. Ademais das lecturas dos autores traballados na aula, os alumnos deberán ler unha obra completa por trimestre (preferiblemente de autores galegos actuais). Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas.</p>	20	21	X	X	X
3	Unha lingua na que crer	<p>Nesta unidade analizarase a realidade da lingua como un fenómeno oral do que participa toda a poboación en calquera cultura e achegarse así á lingua escrita como principal sistema substitutivo que só nas etapas máis recentes está ao alcance de toda a poboación. Estudarase tamén o desenvolvemento histórico social do galego (coas súas variantes) e portugués e a vinculación que existen entre as dúas linguas, facendo fincapé na lusofonía. Analizarase así mesmo a situación actual das linguas da Península Ibérica, especialmente da lingua galega, incidindo nos prexuízos e introducindo conceptos sociolingüísticos (diglosia, bilingüismo,</p>	10	11	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unha lingua na que crer	interferencia, prexuízos) cos que o alumnado se irá familiarizando para poder analizar dunha maneira crítica a realidade sociolingüística que o rodea.	10	11	X	X	X
4	Falemos!	Guiarase ao alumno para que sexa quen de empregar a lingua oral planificada de maneira adecuada, coherente, cohesionada e foneticamente correcta (prestando especial atención aos fonemas galegos), apoiándose en presentación dixitais. Ao mesmo tempo, incentivarase a lingua oral espontánea, en contextos formais e informais, libre de castelanismos e prexuízos lingüísticos. Fomentarase a lingua oral como medio de resolución de conflitos de discrepancia empática e construtiva e de liberdade de expresión. Traballarase tamén a comprensión oral para que o alumnado aprenda a descodificar e identificar a calidade e fiabilidade da información oral que recibe, así como a identificar a intención comunicativa e as ideas principais.	20	21	X	X	X
5	Ponmo por escrito.	Guiarase ao alumno para que sexa quen de producir textos (literarios e non literarios) de maneira adecuada, coherente, cohesionada e ortográfica e morfosintacticamente correcta , en distintos formatos: a man, con procesadores de texto, con distintos programas de presentación Traballarase tamén a comprensión escrita para que o alumnado aprenda a descodificar e identificar a calidade e fiabilidade de textos escritos (literarios e non literarios), así como a identificar a intención comunicativa e as ideas principais.	20	21	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os piares da lingua	31

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).	PE	100
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado sabe localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado sabe revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado sabe formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha lingua para crear	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado elixe, de xeito guiado, e le textos sinxelos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e argumenta, coa axuda de pautas e modelos, as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros.	PE	100
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais ou colectivos sinxelos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

Contidos

- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	Unha lingua na que crer	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado.	PE	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.

Contidos

- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.

UD	Título da UD	Duración
4	Falemos!	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende textos orais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados	PE	20
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións orais informais sinxelas, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos orais sinxelos.	TI	80
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais para procurar información.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos de maneira guiada e fai propostas de mellora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
5	Ponmo por escrito.	21

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos.	PE	25
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza, selecciona e contrasta información de maneira guiada procedente de diferentes fontes.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	TI	75
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se vai utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, sociais, culturais, históricos, literarios, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

-Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e en grupo, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Recursos persoais:

Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, profesores especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais:

Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico.

"Lingua galega e literatura, 1 ESO" da editorial Anaya.

Materias de elaboración propia da docente.

Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos: Ordenadores, encerados dixitais, proxectores, taboñas electrónicas

Recursos dixitais Plataforma Anaya dixital.

Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais:

A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos do contorno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información

obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

No curso 2023-2024 e tras a implementación total da LOMLOE, o noso centro comezou desenvolver un procedemento de avaliación inicial para 1º de ESO que busca dar resposta ao perfil competencial que determina ao marco lexislativo no que nos instalamos.

Os instrumentos deseñados dende esta materia serán completados con outras probas coordinadas dende o Departamento de orientación (cribado de dislexia e hábitos de saúde e estudo).

Os instrumentos e procedementos para a realización da avaliación inicial da materia de Lingua galega e literatura son:

1. Observación directa.
2. Proba escrita para a comprensión escrita de textos continuos en dous niveis de comprensión: a) localización de información b) inferencias
3. Proba escrita para a comprensión oral de textos continuos en dous niveis de comprensión: a) localización de información b) inferencias
4. Proba escrita para a expresión escrita de a) texto de linguaxe cotiá e b) de creatividade.

A avaliación desenvólvese durante o mes de setembro.
As sesións da mesma seán o 14, 15 e 16 de outubro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	20	10	20	20	100
Proba escrita	100	100	100	20	25	69
Táboa de indicadores	0	0	0	80	75	31

Criterios de cualificación:

A valoración das UNIDADES 1, 2, 3 realizarase a través de probas escritas (mínimo 1 por avaliación) nas que o alumno poida demostrar os seus coñecementos sobre os distintos aspectos prácticos e teóricos da materia. Ditas probas poderán ter distintos formatos: preguntas de desenvolver, preguntas de resposta breve, preguntas tipo test, preguntas de relacionar, de verdadeiro ou falso, etc ou combinación de varias na mesma proba. O peso desta proba escrita será dun 60% na nota final da avaliación.

A valoración da UD 4 realizarase así:

-Comprensión oral: 0,5 puntos a través dunha proba obxectiva na que o alumno deberá responder a unha/s cuestión/s sobre un audio.

-Produción oral planificada: 1 puntos a través dunha exposición oral que o alumno deberá facer diante dos seus compañeiros ou facer na súa casa e enviar gravada ao profesor da materia (en cada avaliación o profesor dará as indicacións oportunas de como facelo e tempo suficiente para preparar a proba con antelación). A proba será valorada segundo rúbrica.

-Comprensión e produción oral espontánea na participación na clase: 0,5 pts a través da observación sistemática.

A valoración da UD 5 realizarase do seguinte xeito:

-Comprensión escrita: 0,5 puntos a través dunha proba obxectiva na que na que o alumno deberá responder a unha/s

cuestión/s sobre un texto escrito (dependendo da extensión do texto daráselle máis ou menos tempo ao alumnado para a súa execución).

-Produción escrita planificada: 1 puntos a través de traballos escritos (a man ou en procesador de texto) guiados. O profesor daralles aos alumnos as pautas que deberán seguir para a correcta redacción do traballo e tempo suficiente para que poida ser executado. Os traballos serán corrixidos segundo rúbrica. O alumno perderá a parte proporcional da nota escrita nos seguintes casos:

- Non se adapta ás pautas indicadas polo profesor.
- O traballo é entregado fóra de prazo (ou non é entregado).
- Está copiado (por ou compañeiro, de Internet ou calquera outro medio).
- A letra é ilexible.
- O texto está en castelán ou en calquera outra lingua que non sexa o galego.

- Traballo diario na aula: 0,5 ptos a través da observación sistemática.

Dentro da unidade 2 "Unha lingua para crear", 1 punto correspóndese a unha lectura dunha obra literaria completa, que se avaliará mediante traballo (diario de lectura, resumo, recensión), proba escrita (con preguntas de desenvolver, preguntas de resposta breve, preguntas tipo test, preguntas de relacionar, de verdadeiro ou falso, etc. ou combinación de varias na mesma proba) ou proba oral (exposición na aula, booktuber, booktrailer, etc.), a criterio do profesor. O alumnado será previamente informado do tipo de avaliación que se levará a cabo.

O aprobado na materia sitúase nunha nota non inferior a 5.

A nota final da materia será o resultado de achar a media das tres avaliacións (coa súa cualificación con decimais), sempre e cando o alumno/a demostre ter adquirido o nivel mínimo esixido nos criterios das 5 unidades. En caso de non ter superados algúns deles, a profesora, de maneira extraordinaria, poderá realizar unha proba para a recuperación dos mesmos.

Para superar a materia será preciso acadar un 50% da nota máxima, é dicir, un 5.

Na avaliación ordinaria a nota final do boletín será redondeada á unidade seguinte se a nota calculada, segundo os criterios de cualificación, é de máis de 0,5 decimais por riba do enteiro anterior.

Esta norma non será aplicada no resto das avaliacións.

A nota final da ordinaria será o resultado do cálculo cos números reais con decimais de cada avaliación segundo os criterios de cualificación de cada programación didáctica e non co dígito enteiro presente no boletín de cada avaliación.

Son fraudes académicas:

- Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falsos.
- Copiar e/ou plaxiar
- Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.
- Coñecer previamente as preguntas dun exame para preparar as respostas.
- Utilizar ou recorrer algún outro tipo de trampa (dispositivo electrónico, auricular...)
- Ocultar as fontes ou recursos utilizados(enténdase IA, entre outros) para a elaboración de traballos ou outros instrumentos avaliábeis.

Estes comportamentos fraudulentos suporán unha sanción e unha cualificación de cero na ferramenta. A proba ou traballo non poderá ser repetido.

No caso de que a cualificación de cero na ferramenta supoña o suspenso na avaliación, o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido en cada unha das programacións.

Se esta circunstancia acontece na avaliación final, o/a alumna non poderá recuperar a materia.

NON REALIZACIÓN DE PROBAS OU ENTREGA DE TRABALLOS:

- Se a falta de asistencia non está xustificada documentalmente non se repetirá a proba.
- Se a falta de asistencia está xustificada documentalmente, o/a alumno/a deberá realizar a proba ou entrega do instrumento de cualificación na primeira sesión na que se incorpore ao centro ou na sesión que determine a persoa docente nos termos sinalados pola persoa docente correspondente.
- Se o/a alumna non realiza a proba segundo este procedemento a cualificación do instrumento será de 0.
- Neste casos o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido.

Ao alumnado con necesidades educativas especiais, adaptaráselles o exame, poderán escoitar o audio unha vez máis, terán máis tempo se así o precisan (tomarase calquera medida que poida beneficialos sen que iso implique modificar os criterios de avaliación do curso). Calquera destas medidas adicionais reflectiranse como RE (Reforzo Educativo) nas notas.

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas: O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega. No caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, restarase ata 1 punto por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros graves (uso do castelán, non

uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos ou grafías alleas ao noso sistema lingüístico) descontarán 0,1 cada un, e os erros leves (acentuación xeral e diacrítica, uso errado do h, b/v) 0,05.

Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos). En todo caso, non poderá restarse máis de 1 punto por cada proba.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento reiterado deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na parte de oralidade por demostrar falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que é o núcleo da propia materia.

Criterios de recuperación:

A nota da avaliación final será o resultado de achar a media das tres avaliacións. Se ese resultado é igual ou superior a 5, a materia está aprobada. No caso de non acadar o 5, o alumnado terá a posibilidade de recuperar a materia antes da xunta de avaliación final realizando unha proba escrita na que se recollan os criterios de avaliación suspensos polo alumno/a ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Departamento de Lingua Galega e Literatura realizaralle aos alumnos coa materia pendente doutros cursos as probas pertinentes para a superación de dita materia.

Este curso escolar impleméntase no centro a titoría de alumnado de ESO con materias pendentes. Durante este ano académico 2024-2025, esta función será desenvolta pola profesora María Isabel Ventoso Millet.

Todo o alumnado con materia pendente contará con dúas posibilidades de recuperación:

a) RECUPERACIÓN CONTINUA:

Desenvolta entre outubro e maio.

As datas para a entrega e/ou realización destes traballos ou probas serán común a todos os departamentos e virán determinados dende a Xefatura de Estudos. Haberá dúas datas:

- Entre o 15 e 25 de xaneiro.
- Entre o 15 e o 25 de abril

Esta recuperación consistirá en:

- Dúas probas escritas (unha en xaneiro e outra en abril) sobre os contidos recollidos nos caderniños que lles serán entregados ao alumnado no mes de outubro e no mes de xaneiro. Peso: 80%

- Realización de dous caderniños de actividades de repaso da materia do curso pendente (serán entregados no mes de outubro e no mes de xaneiro). Peso: 20%

b) RECUPERACIÓN FINAL.

Desenvolta no mes de maio.

Constará dunha proba final que determinará o 100% da cualificación.

A esta proba presentarase o alumnado que non recuperou a materia de forma continua ou que non traballe regularmente seguindo os procedementos establecidos por cada departamento.

Esta circunstancia será notificada á familia e/ou responsable legal correspondente.

- Todo o alumnado con materias pendentes estará matriculado no Curso de Aula virtual_ Materias pendentes habilitado para o mesmo. O alumnado matriculado ten a obriga de acceder a aula virtual. De non poder facelo deberá informar á titora de pendentes.

- O profesorado do curso ordinario e/ou a xefatura de departamento, de ser o caso, reportará á titora de pendentes a información necesaria para o correcto desenvolvemento.

6. Medidas de atención á diversidade

ALUMNADO

Aínda non coñecemos todas as necesidades educativas do alumnado deste curso, polo que non se poderán especificar todos os reforzos que se realizarán nesta programación. O que si se pode adiantar, é que durante este curso se continuarán as adaptacións curriculares comenzadas nos cursos anteriores.

Aínda que a diversidade é unha etiqueta inabarcable e inherente a calquera grupo humanos, se nos limitamos a reflectir algunha delas, sinalar que no grupo atopamos (de momento):

- Alumnado con necesidades educativas: 8
- Alumnado TDAH: 2
- Alumnado TEA: 2
- Alumnado con dislexia: 3
- Outras: Exentos de LG 1

MEDIDAS

En canto ás medidas de atención á diversidade debemos ter en conta, por un lado, as medidas ordinarias, así como, as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento de se esgotaren as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado.

Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Por último, en canto ás medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos doutras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro...)

REFORZO EDUCATIVO:

Para atender a algunha destas diversidades está implementado reforzo educativo dentro de aula impartido pola profesora Carmen Santos.

O reforzo educativo desenvólvese en dúas sesións semanais.

As actuacións deseñadas para estas sesións aínda están sen determinar no momento da redacción deste documento por descoñecer a realidade e funcionamento do grupo. De forma xeral a dinámica é que estas sesións sexan adicadas ao desenvolvemento de actividades de aplicación de contidos presentados nas sesións ordinarias coa docente de referencia.

EXENCIÓN DE SEGUNDA LINGUA

Ao inicio de curso desenvolvemos unha reunión de coordinación para fixar o procedemento a seguir coa docente que imparte a exención. No noso caso trátase da profesora de Pedagogía Terapéutica.

O obxectivo desta exención é:

- Actividades propias, deseñadas pola PT, de reforzo e ampliación para a comprensión e expresión escrita.
- Actividades de acompañamento para a preparación de probas, lecturas e traballos deseñados dende a aula de referencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - A comunicación audiovisual				X	X
ET.2 - A competencia dixital				X	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico			X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade		X		X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X	X
ET.8 - O emprendemento social e empresarial				X	X
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade
- educación para a sustentabilidade e o consumo responsable

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Obra de teatro no Salón Teatro, en Santiago de Compostela		X	
Roteiros literarios	Museo do Pobo Galego, casas de escritores...		X	
Saídas á contorna nas que coñeceremos o patrimonio social e cultural máis próximo.	Por exemplo, a literaria illa de Sálvora...		X	
Visitas ao centro de escritores e escritoras, familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	Encontros con autores dos libros de lectura obrigatoria ou optativa dos distintos niveis.	X	X	X
Conmemoracións	O Día das Linguas, Día de Rosalía, o Día do Libro, o Día das Letras Galegas, dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día da poesía e das árbores	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades estarán suxeitas á súa disponibilidad e ás necesidades do Centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Metodoloxía empregada
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento da PD realizarase trimestralmente a través da aplicación Proens.

O procedemento de avaliación será a través de tres modelos:

- Heteroavaliación:

O profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo.

Este cuestionario está incluído na aula virtual do centro e consta de preguntas vinculadas aos indicadores sinalados no apartado anterior.

O cuestionario realizarase durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos.

- Autoavaliación e Coavalilación.

Cada docente de forma individual e dentro dos órganos colexiados avaliará a súa práctica docente a través das seguintes ferramentas:

- A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.
- A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.
- O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente
- A memoria final de cada departamento.
- Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá no caderno da profesora.

9. Outros apartados